

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE ABRIL DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día nove de abril deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse as actas das sesións da Xunta de Goberno Local, extraordinaria e ordinaria correspondente aos días 31 de marzo e 2 de abril de de 2014, respectivamente.

ÁREA DE URBANISMO


1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de licenza de obras para construción dunha balsa de zurro en Fazai-Carballido (parcela 3, Polígono 461).

2. LICENZAS DE ACTIVIDADE.- Acórdase desestimar o recurso de reposición presentado contra a resolución adoptada polo Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, mediante o decreto número 14000990, do 31 de xaneiro de 2014.

3. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder as seguintes licenzas: para reforma e acondicionamento interior de nave, para almacén de distribución por xunto de conxelados, froitas, verduras e hortalizas, na rúa Dos Canteiros, número 72; para segregación e simultánea agregación de parcelas, co fin de regularizar a configuración destas en unidade de acto, sendo as parcelas 43, 49, 52 e 53 do polígono 354, na Fontenova, Parroquia de Benade; para a legalización da rehabilitación parcial dunha vivenda unifamiliar atopándose dentro do ámbito do no núcleo rural 26.5. Vilachá, número 9, Parroquia de Labio e para legalización dunha edificación existente e obras de reforma e ampliación en altura para un garaxe almacén dentro do ámbito do núcleo rural 15.1 A Torre- Aez, Parroquia de Camoira.

4. XESTIÓN.- Acórdase a declaración de ruína técnica e urbanística no expediente contradictorio de ruína técnica e urbanística dos inmobles sitios na parte posterior do número 25 da rúa Castelao.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	11/04/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	WEqXMFy/uJyfqfRBiH4GXA==	PÁGINA 1/3



WEqXMFy/uJyfqfRBiH4GXA==

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

5. ACTAS E GOBERNO.- Dáse de conta á Xunta de Goberno Local do decreto 14003100, do 31/03/2014, polo que se modifica a cláusula oitava do decreto número 13008312, do 30/08/2013, sobre organización municipal.

6. PERSOAL.- Acórdase a autorización para realización servizos extraordinarios por compoñentes da Policía Local e a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda a autorización para realización servizos extraordinarios por persoal adscrito ao Parque Móbil e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase a autorización para realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á Conserxería e a aprobación da forma de compensación.

Así mesmo, acórdase a autorización para realización de servizos extraordinarios por un Animador Sociocultural e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase a autorización para realización de servizos extraordinarios por un funcionario adscrito ao Servizo de Enxeñería e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase a rectificación do acordo da Xunta de Goberno Local número 21/176, relativo á autorización para a realización de servizos extraordinarios por unha funcionaria.

A Xunta de Goberno Local quedou enterada do informe do Servizo de Intervención.


Tamén se acorda a aprobación das bases que rexerán ao concurso para a provisión de varios postos de traballo no Concello de Lugo.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

7. FACENDA LOCAL.- Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local, do 29 de xaneiro de 2014, no que se procede á regularización da situación tributaria da entidade mercantil, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para rehabilitación de edificio na rúa Armanyá, 3.

Código Seguro de verificación:WEqXMFy/uJyfqrBiH4GXA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	11/04/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	WEqXMFy/uJyfqrBiH4GXA==	PÁGINA 2/3



WEqXMFy/uJyfqrBiH4GXA==

8. FOMENTO.- Acórdase aprobar a actualización para o ano 2014 do III Plan estratéxico de subvencións do Excmo. Concello de Lugo (2012-2015).

ÁREA DE SERVIZOS XERAIS E MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA

9. PARTICIPACIÓN CIDADÁ.- Acórdase a aprobación das bases xerais polas que se regula a autorización do uso en precario de locais da nave do Parque da Milagrosa para asociacións inscritas no rexistro municipal de asociacións do Concello de Lugo e apertura de convocatoria pública.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación da subministración, implantación e posta en marcha dun novo software de carpeta cidadá para a web municipal do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:WEqXMFy/uJyfqrBiH4GXA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	11/04/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	WEqXMFy/uJyfqrBiH4GXA==	PÁGINA 3/3

